

## ORDENANZA FISCAL Nº 8

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA**

#### **Artigo 1º.- Fundamento Legal**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o Concello de Val do Dubra establece a taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

#### **Artigo 2º.- Base imponible**

Constitúe a base imponible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local que ten lugar mediante a ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, nos supostos previstos no artigo 6º desta ordenanza.

#### **Artigo 3º.- Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria a favor dos cales se outorguen as licenzas, ou os que se beneficien do aproveitamento, se é que se vai producir sen a autorización correspondente.

#### **Artigo 4º.- Responsables**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que contribúan a acometela.

Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

Os administradores de persoas xurídicas que non van a realizar os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.

· Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.

· No suposto de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cesamento.

A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

As taxas liquidadas a persoas físicas e xurídicas que solicitaran a licenza para gozar dos aproveitamentos especiais no exercicio de explotacións e actividades económicas, poderán esixirse ás persoas que sucedan ao debedor no exercicio da actividade económica.

O interesado que pretenda adquirir a titularidade da actividade económica, previa conformidade do titular actual, poderá solicitar do Concello certificación das débedas por taxas dimanantes do exercicio da explotación citada. Caso que a certificación fose negativa, o solicitante quedará exento de responsabilidade polas débedas existentes na data de adquisición da explotación económica.

### **Artigo 5º.- Beneficios fiscais**

Non se aplicará bonificación nin redución para a determinación da débeda.

### **Artigo 6º.- Cota tributaria**

1. A cota a satisfacer para esta taxa obtense das tarifas correspondentes aos apartados seguintes:

a) Por cada metro cadrado de superficie ocupada:

Zona A .....	3,191374 €.....	(531 pts.)
Zona B .....	1,153943 €.....	(192 pts.)
Resto .....	0,270455 €.....	(45 pts.)

b) Pola utilización de toldos ou marquesiñas fixadas á vía pública, multiplicarase polo coeficiente 0,12 a cantidade que resulte de aplicar a tarifa do apartado 2.a) anterior, segundo a superficie ocupada polo toldo ou a marquesiña.

c) Pola instalación de separadores: 0,144243 €(24pts.) por cada metro lineal e mes.

2. Regras particulares de aplicación.

a) Se o número de metros cadrados de aproveitamento non era exacto, aproximarase por exceso para obter a superficie ocupada.

b) Se, como consecuencia da colocación de toldos, marquesiñas, separadores grellas e outros elementos auxiliares, delimitase unha superficie máis grande cá que ocupen as mesas e cadeiras, tomarase a superior como base de cálculo.

c) Os aproveitamentos poderán ser anuais cando se autorice por todo o ano natural, e temporais, cando o período comprenda unha parte do ano natural. Todos os aproveitamentos realizados sen autorización administrativa considéranse anuais.

### **Artigo 7º.- Devengo**

A taxa devengarase cando se inicie a utilización privativa ou o aproveitamento especial, momento que, para estes efectos, se entende que coincide co de concesión da licenza, se esta foi solicitada.

Sen prexuízo do previsto no punto anterior, será preciso depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para proceder á autorización do aproveitamento especial mencionado.

Cando se produce o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicitar licenza, o devengo da taxa que terá lugar no momento do inicio deste aproveitamento.

### **Artigo 8º.- Período impositivo**

O período impositivo será o tempo durante o cal se autorizou e mentres dure a ocupación da vía pública mediante mesas e cadeiras coa finalidade lucrativa.

### **Artigo 9º.- Réxime de declaración e ingreso**

1. As cantidades esixibles consonte ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polo período de tempada ou anual autorizado.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán solicitar, previamente, a correspondente licenza, realizar o depósito previo a que se refire o artigo 7º e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van instalar, así como un plano ou bosquejo detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.

3. Os servizos técnicos deste Concello poderán comprobar e investigar as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferenzas coas peticións de licenzas; se se deran diferenzas, estas notificaranse aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

4. Cando non se autorice a ocupación referida ao punto anterior, ou por causas non imputables ao suxeito pasivo non é posible beneficiarse do aproveitamento solicitado, procederá a devolución da taxa satisfeita.

5. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade pola Alcaldía ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes, no caso de pasamento ou óbito. A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado no epígrafe da tarifa que corresponda. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

6. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal derroga a Ordenanza Fiscal Nº 8, reguladora do prezo público por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, aprobada polo Pleno da data 28 de setembro de 1989. Entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 1999, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**DILIXENCIA.-** A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello de Val do Dubra o día \*\* de \*\*\* 1998.

O ALCALDE.

O SECRETARIO.